



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

Expediente núm. 2025/X999/000801
2025/G003/001065

PUBLICACIÓN DO DECRETO NÚM. 1034/2025, DO 12 DE MAIO (2025/G003/001065)

No procedemento encamiñado ao **nomeamento de RECADADOR/A** en comisión de servizos voluntaria, foi ditado o Decreto núm. 1034/2025, do 12 de maio (2025/G003/001065).

O texto da indicada resolución -o DNI amósase cifrado- é o seguinte:

“DECRETO POLO QUE SE NOMEA A ELOI BARRO CORRAL RECADADOR DO CONCELLO EN COMISIÓN DE SERVIZOS VOLUNTARIA

ANTECEDENTES

1. Mediante o Decreto 194/2025, do 27 de xaneiro, acordouse a xubilación do recadador municipal, Carlos Teijeiro Paz, con efectos do 13/04/2025 (último día de alta e cotización á Seguridade Social).
2. O 14/03/2025, quen subscribe emitíu un informe de necesidade propoñendo a tramitación dun expediente de comisión de servizos voluntaria entre o persoal municipal do Concello das Pontes de García Rodríguez para a cobertura temporal do posto de traballo de recadador.
3. O 18/03/2025, a concelleira delegada asina unha providencia de inicio de expediente na que dispón o seguinte:

“Que se inicie e tramite o procedemento encamiñado ao nomeamento dunha persoa funcionaria da entidade local para desempeñar en comisión de servizos a praza/posto de recadador/a”.

4. O 20/03/2025, o técnico de administración xeral emite o seu informe no que conclúe o seguinte:

“a) Infórmase favorablemente o procedemento para efectuar un nomeamento en comisión de servizos dunha persoa funcionaria de carreira para a praza vacante de recadador/a.

b) Correspóndelle á concelleira-delegada de Área o ditado dos actos de trámite e a resolución do procedemento”.

5. O 08/04/2025, a concelleira delegada asina unha providencia na que se dispón o seguinte:

“1. Abrir un prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir da publicación da presente providencia no taboleiro electrónico desta entidade local, para que o persoal funcionario de carreira deste concello, pertencente ao grupo de clasificación C (subgrupos C1 e C2), presente, se é do seu interese, a solicitude para participar no procedemento encamiñado ao nomeamento, en comisión de servizos voluntaria, para a praza/posto de recadador/a.

2. Publicar esta providencia na sede electrónica municipal.”

6. O 09/04/2025, Eloi Barro Corral, funcionario de carreira, axente de notificación e recadación presenta unha instancia na que solicita participar no procedemento encamiñado ao nomeamento de recadador en comisión de servizos voluntaria.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

7. O 14/04/2025, Richard González Alonso, funcionario de carreira, policía local, presenta unha instancia coa mesma finalidade.

8. O día 21/04/2025, o técnico de administración xeral (TAX) emite un informe-proposta no que razoa do seguinte xeito a preferencia dun dos candidatos:

“A regulación establecida no artigo 96.2, último parágrafo, da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, prioriza a designación a prol do persoal funcionario que pertenza á mesma escala do posto que sexa obxecto de cobertura; é dicir, non é unha regra de desempate. Neste sentido, a previsión a que se refire a consideración xurídica cuarta do informe antes transcrito de establecer un baremo de méritos e abrir un novo prazo de presentación de instancias cando houbese máis duna persoa candidata cómpre entendela referida a aqueles supostos nos que os/as interesados/as estean na mesma situación -por exemplo, se unicamente se presentan dúas ou máis persoas funcionarias da subescala administrativa; ou dous/dúas axentes de recadación-. Fóra destes casos o baremo resulta innecesario, polo que non procede a súa aplicación no presente procedemento, pois o indicado precepto da LEPG establece unha preferencia por aquel persoal especializado na materia -neste caso, a recadatoria- por evidentes razóns de eficacia e eficiencia na prestación dos servizos públicos.

Por todo o anterior, no presente caso, resulta meridiano que o nomeamento ten que recaer forzosamente no titular da praza de axente notificador/a e de recadación, por pertencer á mesma escala (especial), subescala (servizos especiais) e clase (clase de cometidos especiais) que a praza obxecto de cobertura”.

Este informe conclúe que “[p]or todo anteriormente exposto, propoño o nomeamento en comisión de servizos voluntaria, polo período dun ano, prorrogable por outro máis, de Eloi Barro Corral, con DNI ***6102**, para a praza de recadador/a do concello (subgrupo C1)”.

9. Con data do 29/04/2025, délgase un trámite de informe ao funcionario titular do posto reservado de Tesouraría, para que, a instancias da Intervención, informe valorando a idoneidade dos candidatos presentados no procedemento, o que levou a cabo en data 06/05/2025.

10. No expediente obra o informe de fiscalización núm. 194/2025, do 12 de maio, da Intervención Municipal,

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O referido informe do tesoureiro titular da entidade local, no que aquí interesa, sinala:

“CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 O artigo 96 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG), prevé a posibilidade de acudir á comisión de servizos voluntaria para cubrir un posto de modo temporal nos seguintes termos:

“Artigo 96. Comisión de servizos voluntaria

1. Os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira pódense prover



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

excepcionalmente e de maneira temporal mediante comisión de servizos voluntaria nos seguintes casos:

- a) Cando os postos estean vacantes, mentres non se proceda á súa provisión definitiva.*
- b) Cando os postos estean suxeitos a reserva legal da persoa titular destes, incluídos os casos en que o persoal funcionario de carreira sexa autorizado para realizar unha misión por período non superior a seis meses en programas de cooperación internacional.*
- c) Cando os postos estean ocupados por persoal funcionario de carreira que teña a condición de representante do persoal e teña recoñecido un crédito de horas para o desempeño desa función equivalente á xornada de traballo completa.*
- d) Cando concorran as circunstancias previstas no artigo 100 desta lei.*
- e) Por circunstancias excepcionais e debidamente motivadas, cando os postos de traballo estean ocupados por persoal funcionario de carreira que se atope en situación de incapacidade laboral e esta se prevexa de longa duración.*

2. En todo caso, para o desempeño dun posto de traballo en comisión de servizos voluntaria, o persoal funcionario debe pertencer ao corpo ou escala e reunir os demais requisitos que estableza a correspondente relación de postos de traballo.

Non obstante, para a consecución da eficacia na prestación dos servizos e a eficiencia dos recursos humanos dispoñibles, o persoal funcionario de carreira poderá ocupar, con carácter temporal, mediante comisión de servizos voluntaria, un posto de traballo correspondente a unha escala de administración xeral ou especial sempre que posúa a titulación requirida para o acceso á escala correspondente ao posto de traballo e pertenza ao mesmo grupo ou subgrupo de clasificación. En todo caso, outorgarase prioridade ao persoal funcionario de carreira que pertenza á mesma escala do posto que sexa obxecto de cobertura.”

Como indica o técnico de administración xeral, as previsións da LEPG van dirixidas a obter un resultado o máis eficiente e eficaz posible, polo que se outorga prioridade ao persoal funcionario de carreira que pertenza á mesma escala do posto obxecto de cobertura, é dicir, a aquel persoal que conta con experiencia no mesmo ámbito no que terá que desenvolver as súas tarefas ao ocupar o posto de traballo que se vai cubrir en comisión de servizos. Esta interpretación é a que vén determinada para o conxunto do ordenamento xurídico polo artigo 3 do Código Civil cando establece que a interpretación das normas desenvolverase fundamentalmente atendendo ao seu espírito e finalidade.

A este respecto, sinala Barrachina Andrés (2019: apartado V)¹ que carecería de sentido que un bombeiro C1 desempeñase en comisión de servizos un posto de axente da policía local, pois aínda que ambos están integrados na escala de administración especial, subescala de servizos especiais, pertencen, respectivamente, ás clases policía local e servizo de prevención de incendios. Así mesmo, esta autora considera absurda a posibilidade de que un arquitecto A1 pase a desempeñar en comisión de servizos o posto de director da banda de música, en tanto en canto pertencen a clases diferentes. O que busca a normativa de aplicación é facilitar que quen traballa na mesma área que o

1 Cfr. Barrachina Andrés, A.M. (2019): “La comisión de servicios: reflexiones prácticas sobre la novedosa jurisprudencia del Tribunal Supremo”, *El Consultor de los Ayuntamientos*, número 11.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

posto que se pretende cubrir en comisión de servizos teña prioridade porque será, evidentemente, a opción máis eficaz e eficiente para a Administración ao ter un menor período de aprendizaxe dos procedementos, aplicacións e formas de traballar do departamento en cuestión.

Resulta claro, polo tanto, que no presente caso non cabe senón recoñecer a prioridade que establece a LEPG e efectuar o nomeamento en comisión de servizos ao titular da praza de axente notificador e de recadación, por pertencer á mesma escala (especial), subescala (servizos especiais) e clase (clase de cometidos especiais) que o posto obxecto de cobertura.

Como indica o técnico de administración xeral no seu informe do 21/04/2025, non procede fixar ningún tipo de baremo de méritos neste suposto, ao non concorrer dous ou máis aspirantes na mesma situación. Tendo un deles prioridade legal, o nomeamento debe recaer no interesado ao que a lei outorga a preferencia.

2 Respecto da idoneidade dos candidatos á comisión de servizos, posto que non cabe neste caso o establecemento dun baremo de méritos, resulta innecesaria. Con todo, procedemos a continuación a valorala ao ter sido solicitado informe sobre este extremo.

Eloi Barro Corral desempeña o posto de traballo de axente de notificación e recadación dende o exercicio 2012. A súa antigüidade no Concello remóntase ao 13/09/1996, ocupando dende entón diferentes postos nos departamentos de Obras e de Tesourería.

Dende a súa incorporación ao Servizo de Recadación Municipal, este funcionario vén demostrando o seu interese e dedicación, logrando mellorar o servizo público ao que serve e amosando unha intachable traxectoria como funcionario de carreira no Departamento de Tesourería.

Por outra parte, para o desempeño do posto de recadador resulta particularmente relevante o título que ostenta de formación profesional, Técnico Especialista, FP2 Rama Administrativa e Comercial, especialidade “Informática de Empresa”. O volume de traballo con ficheiros e programas informáticos que leva consigo o posto de traballo de recadador aconsella contar cun traballador con coñecementos desta natureza, os cales acredita Eloi Barro Corral.

Froito de todos os elementos destacados anteriormente, quen subscribe propuxo a Eloi Barro Corral para o desempeño accidental do posto de tesoureiro, o cal foi outorgado o 16/11/2021 pola Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia.

Ademais, do expediente tramitado para aquel nomeamento accidental derívase que Eloi Barro Corral ostenta os seguintes méritos adicionais:

- Título Celga 4, Xunta de Galicia.
- Curso “Obtención de información de transcendencia tributaria do contribuínte”, Deputación Provincial da Coruña, 90 horas, 2015.
- Curso “O Catastro e os concellos”, Deputación Provincial da Coruña, 75 horas, 2016.
- Curso “Elaboración de pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas”, Deputación Provincial da Coruña, 12 horas, 2013.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

- Curso “Introdución á protección xurídica dos datos de carácter persoal”, Universidade de Murcia, 18 horas, 2016.
- Curso “Tratamento de información xeográfica na administración local. Os SIX.”, Deputación Provincial da Coruña, 21 horas, 2007.
- Curso “Relacións laborais nas Administracións Públicas”, UGT, 100 horas, 2001.
- Curso “Salario, nómina e Seguridade Social”, UGT, 20 horas, 2000.

Respecto de Richard González Alonso, tan só lle consta a quen subscribe a súa antigüidade como policía local dende finais de 2006, non tendo desenvolvido en ningún momento ningunha tarefa no Servizo de Recadación Municipal.

Dos datos que anteceden conclúese que Eloi Barro Corral é o candidato idóneo para ocupar o posto de recadador en comisión de servizos, tanto pola súa formación, como pola súa antigüidade no Concello e polo seu desempeño no Servizo de Recadación.

3 Por todo o anterior, dada a preferencia legal establecida a favor de Eloi Barro Corral e a súa idoneidade para ocupar o posto de recadador, procede efectuar o seu nomeamento en comisión de servizos.

INFORME

Polo exposto, PROPONSE

O nomeamento en comisión de servizos voluntaria de Eloi Barro Corral para o posto de recadador municipal.”

Pola súa vez, o informe de fiscalización núm. 194/2025, do 12 de maio, da Intervención Municipal, foi emitido en sentido **favorable**.

Por todo o anteriormente exposto, a través do presente decreto, RESOLVO:

1º) **Nomear a Eloi Barro Corral**, con DNI ***6102** -funcionario de carreira desta entidade local-, en **comisión de servizos**, polo **período dun ano**, prorrogable por outro máis, na praza do cadro de persoal funcionario do Concello das Pontes de García Rodríguez das seguintes características:

- Grupo/subgrupo de clasificación: C/C1
- Escala: Administración Especial
- Subescala: Servizos Especiais
- Clase: Prazas de Cometidos Especiais
- Categoría/denominación: recadador/a



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

A comisión de servizos rematará, ao cumprirse o ano desde a toma de posesión -agás que se prorrogue por outro ano máis- e, de ser o caso, antes da duración prevista se ten lugar a provisión definitiva da praza.

2º) O funcionario nomeado deberá tomar posesión no prazo regulamentariamente establecido.

3º) Efectuar as modificacións precisas relativas á nómina e en materia de cotizacións sociais.

4º) Notificar a presente resolución no prazo de dez días.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, o interesado poderá interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, contado a partir do seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificada a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, a contar desde o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do Contencioso-administrativo, efectuando o demandante a elección que lle permite o artigo 14, regra segunda, da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Malia o anterior, poderá impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da LPACAP). Para tal efecto poderá interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-administrativo que corresponda, a teor da elección permitida á persoa demandante polo artigo 14, regra segunda, da meritada LRXCA.

Así mesmo, o interesado poderá interpor calquera outro recurso que estime procedente ou conveniente.”

As persoas interesadas poderán interpoñer os recursos enunciados anteriormente, nos prazos indicados, contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente documento na sede electrónica do Concello das Pontes de García Rodríguez.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura electrónica á marxe consignada

O secretario

Manuel Larrosa Rodríguez